

Todas as cousas que consumimos son produto do traballo humano. As casas que habitamos, a comida coa que nos alimentamos, os vestidos que usamos, os servizos dos que gozamos..., son resultado das diversas actividades realizadas por homes e mulleres.

O conxunto de labores destinados á obtención de bens ou servizos para satisfacer as necesidades do ser humano é o que coñecemos como **actividade económica**.

Esta desenvólvese en tres fases: a produción, a comercialización e o consumo. Coa actividade económica as persoas obtemos os recursos necesarios para vivir.

A **organización económica das sociedades** é un factor fundamental para coñecer a estrutura da poboación, os seus movementos, as súas características, os seus gustos, así como o seu grao de benestar.

- A que países pertencen as principais empresas que existen actualmente no mundo?
- A que se dedican principalmente estas empresas?
- Que sector aparece máis veces na listaxe das dez maiores empresas do mundo? Por que este sector controla a economía mundial?
- Por que cres que dicimos que o traballo é un dereito para os homes e mulleres?



O funcionamento da actividade económica

1.1. QUE É A ACTIVIDADE ECONÓMICA?

A **actividade económica** é o conxunto de labores realizados polos seres humanos dirixidos a satisfacer as súas necesidades. Isto é, consiste en **producir os bens** e **prestar os servizos** que as persoas necesitan ou desexan e que permiten xerar riqueza dentro dunha comunidade.

A actividade económica procura, así mesmo, a forma máis rápida e menos custosa de obter estes produtos e servizos, xa que as necesidades e mais os desexos poden ser ilimitados, pero os recursos son limitados e escasos.

Unha vez producidos eses bens pola empresa, cómpre **distribuílos e vendelos** para que cheguen a aqueles que os necesiten ou queiran mercalos.

1.2. PRODUCCIÓN, COMERCIALIZACIÓN E CONSUMO

Produción

A **produción de bens** consiste en combinar os recursos naturais, a técnica e o traballo co fin de obter bens ou servizos destinados a seren consumidos polas persoas.

Os bens producidos poden ser de dous tipos:

- **Bens de consumo** ou finais: satisfán directamente as necesidades dos consumidores (roupa, mobles, zapatos, etc.).
- **Bens de produción** ou intermedios: son as máquinas, ferramentas, etc., que se empregan para a produción de bens de consumo.

A **produción de servizos**, como por exemplo a sanidade, os transportes públicos ou a información supón a creación e a organización, neste caso, de hospitais, redes de transporte ou canles de televisión.

Comercialización

Logo da produción ten lugar a **comercialización**, ou sexa a **distribución e venda** dos bens e servizos. A comercialización inclúe as fases de almacenamento, transporte e venda, todas elas necesarias para lles achegar ás persoas os bens e servizos.

Nas economías máis complexas ese proceso de comercialización realízase a través de dúas etapas: a venda por xunto e a venda polo miúdo.

- A **venda por xunto** é a que realizan os comerciantes por xunto, que compran grandes cantidades de produtos e llelos venden a outros comerciantes ou empresas que asemade llelos venderán aos consumidores finais.
- A **venda polo miúdo** realízana os comerciantes polo miúdo, que lles mercan pequenas cantidades aos comerciantes por xunto e llas venden ao público nas tendas.

Consumo

É a fase final da actividade económica, xa que a compra de bens e servizos lles permite ás persoas satisfaceren as súas necesidades. É dicir, poden consumir o produto ou utilizar o ben ou servizo.

Os bens poden ser: **non duradeiros**, cando se consomen nun ou nuns cantos usos (os alimentos, a auga...) e **duradeiros**, cando se poden utilizar durante un período de tempo relativamente longo (os automóviles, os electrodomésticos, os mobles...).



Os bens, unha vez producidos, son distribuídos aos centros comerciais e a outros lugares de venda para que poidan ser consumidos polas persoas e satisfacer deste xeito as súas necesidades (alimentos, vestidos, calzado, libros, teléfonos móbiles...).

Zon@web

Para saberes máis sobre as actividades económicas.

www.vicensvives.net/zonaweb

7a

SINTETIZA

1. Para que serven as actividades económicas?
2. Que diferenzas hai entre a produción de bens e a de servizos?
3. Cita cinco bens de consumo e cinco bens de produción.
4. Cales son as etapas do proceso de comercialización?
5. Explica a diferenza entre bens non duradeiros e bens duradeiros.

2 Os factores de produción

Os tres factores necesarios para producir bens ou servizos son os **recursos naturais**, o **traballo** e o **capital**.

2.1. RECURSOS NATURAIS E MATERIAS PRIMAS

A vexetación, os bosques, os animais, os minerais, o petróleo ou a auga son recursos que atopa o ser humano na natureza e que mediante a súa extracción, domesticación ou transformación lle permiten producir novos bens.

Por iso, a fonte máis importante para producir bens ou produtos de consumo son os **recursos naturais**.

Pero como os recursos naturais son escasos, cómpre evitar a sobreexplotación da natureza.

2.2. O TRABALLO

Chamámolles **traballo** a toda actividade humana que serve para producir bens e subministrarlles servizos útiles ás persoas.

Os cereais ou a froita, por exemplo, non os consumimos como os ofrece na súa orixe a natureza senón que foron obxecto dun traballo de selección ou elaboración previa á súa comercialización. O mesmo se pode dicir de gran parte dos minerais, da madeira ou de calquera outro recurso natural.

Traballar é, para a inmensa maioría da poboación, o único medio para poder satisfacer as súas necesidades. Por iso, todas as persoas teñen dereito a un traballo.

Na nosa sociedade, o tipo de traballo máis habitual ou estendido é o **traballo por conta allea**, ou sexa, traballar nunha empresa ou na Administración.

As persoas poden realizar tamén un **traballo autónomo**, isto é, traballar só para un mesmo sen depender de ninguén, como por exemplo o traballo que realiza o campesiño que cultiva coa súa familia unhas terras da súa propiedade, o artesán ou o pequeno comerciante.

2.3. O CAPITAL E A TECNOLOXÍA

Os recursos que se empregan para producir bens ou servizos constitúen o **capital** que pode ser de tres tipos:

- **Capital físico:** o terreo, os edificios, as instalacións, os equipos, a maquinaria e as materias primas necesarias para producir estes bens ou servizos.
- **Capital humano:** empresarios e empregados e canto se refire á formación profesional do cadro persoal dunha empresa.
- **Capital financeiro:** os cartos necesarios para iniciar o proceso de produción, o que as empresas manteñen en caixa ou en contas bancarias e os activos financeiros (accións, bonos, etc.).

A **tecnoloxía** componse do conxunto de procedementos que se utilizan para obter os bens ou servizos e tamén forma parte do capital físico.



Mediante o traballo, o ser humano converte os recursos como o petróleo ou as rochas en produtos útiles (gasolina, mármore...).

SABÍAS QUE...

A **tecnoloxía** é un factor cada vez máis importante dentro dos procesos de produción e actualmente é determinante no crecemento económico.

Os avances técnicos permitiron incrementar a produtividade das empresas, mellorar a calidade dos produtos, aforrar custos na man de obra, e conseguir maior eficiencia, isto é, empregar o menor tempo posible na obtención do produto desexado.

As grandes compañías actuais dispoñen de laboratorios de investigación tecnolóxica, dedicados a lles buscar aplicacións prácticas aos avances científicos en distintos campos.

No entanto, os avances tecnolóxicos implican un grande investimento de capital, xa que se precisa persoal cualificado e unha constante renovación da maquinaria das empresas, que deben estar ao día se queren ser competitivas.



1. Que factores interveñen na produción de bens e servizos?
2. Describe en que consiste o factor traballo e cales son os tipos máis habituais na nosa sociedade.
3. Que é o capital?
4. Pon tres exemplos de bens e servizos e cita os factores necesarios para poderlos producir.

QUE É O EXCEDENTE

Considérase **excedente** a parte sobranche da produción dun produto.

Supón que un colectivo humano produce un millón de quilos de cereais ao ano. A cantidade de sementes que necesita para asegurar esta produción é de cen mil quilos e o consumo mínimo de cereais que necesita esta comunidade é de noventa mil quilos.

Neste caso falamos de **economía de subsistencia**, xa que esta comunidade consume todo o que produce, isto é, non xera excedente.

Imaxina agora outra comunidade que teña unha poboación semellante á anterior pero que dispoña de terras máis fértiles. Esta comunidade obtén unha colleita dun millón douscentos mil quilos de cereal. Se o consumo e a cantidade de sementes para a produción son os mesmos que no caso da comunidade anterior, este colectivo obtén un excedente de douscentos mil quilos.

Este excedente pode ser utilizado de diferentes formas, por exemplo, para gardalo como reserva para períodos de seca ou perda de colleitas, mellorar a súa alimentación, para incrementar a cantidade de sementes ou para comerciar con outras comunidades e obter diversos produtos.

- Que é o excedente en economía? Pon dous exemplos de produción con excedente e sen el.



Zon@web

Para saberes máis sobre os factores de produción.

www.vicensvives.net/zonaweb

7b

SINTETIZA

5. Indica de que recursos naturais se obtéñen os seguintes bens:

papel	pel	mármore
plástico	mobles	pneumáticos

6. Que perigo pode implicar a explotación excesiva de determinados recursos naturais?
7. Define os diferentes tipos de capital que existen.
8. Os edificios, as instalacións e a maquinaria que posúe unha empresa son capital desta?

3 Os axentes económicos

3.1. QUE SON OS AXENTES ECONÓMICOS?

Os **axentes económicos** son as persoas, grupos ou institucións que interveñen de forma decisiva no funcionamento da **economía**. Son os que se encargan de producir, intercambiar e consumir os produtos ou servizos.

Existen tres axentes económicos esenciais: as **familias**, as **empresas** e o **Estado**.

3.2. AS ECONOMÍAS DOMÉSTICAS

As **familias** son un dos principais axentes de consumo. Cada familia dedica unha boa parte dos seus **recursos económicos** (dos seus cartos) a mercar bens e servizos para cubrir as súas **necesidades** (comida, roupa, transportes, etc.).

Os gastos que implica o consumo de bens e servizos páganse cos ingresos familiares, isto é, cos salarios obtidos polo traballo realizado polos membros da familia.

3.3. AS EMPRESAS

As **empresas** son, no noso sistema económico, o principal axente de produción e distribución, xa que os bens e servizos que se compran e se venden no mercado se obteñen e se comercializan nelas.

Unha empresa é, xa que logo, a unidade económica que, mediante o traballo e o capital, fabrica e distribúe bens (roupa, mobles...) e servizos (transporte, xestión bancaria, etc.).

Os bens producidos nas empresas teñen un **custo**, derivado do prezo da materia prima, da enerxía, do investimento en máquinas e instalacións, do transporte, dos salarios e dos xuros pagos polo diñeiro que recibiron prestado dos bancos.

No mercado, os produtos véndense a un prezo algo superior ao prezo que custou obter o produto. A diferenza entre o prezo de venda e o prezo de custo chámase **beneficio**.

As empresas son diferentes unhas doutras. Pódense agrupar segundo o seu tamaño ou polo produto ou servizo que realizan.

Empresas segundo o seu tamaño

Existen grandes **empresas multinacionais**, con milleiros de traballadores (como as grandes firmas automobilísticas), **empresas medianas**, que adoitan ter máis de 100 traballadores, e **pequenas empresas**, como unha perrucaría ou unha carpintaría.

Empresas segundo a súa actividade

As empresas do sector **primario** dedícanse á agricultura, á ganaría e á pesca; as do sector **secundario** están vinculadas á minaría, á industria e á construción; e as do sector **terciario** son empresas de servizos (hospitais, transportes...).

GASTO MEDIO DAS FAMILIAS ESPAÑOLAS EN 2009

grupo de gasto	(en %)
Alimentación e bebidas sen alcol	17,83
Bebidas alcohólicas, tabaco...	2,58
Artigos de vestir e calzado	7,31
Vivenda, auga, electricidade...	11,71
Moblaxe, equipamento do fogar...	6,36
Sáude	4,04
Transportes	15,13
Comunicacións	3,95
Lecer, espectáculos e cultura	8,58
Ensinanza	1,16
Hoteis, cafés e restaurantes	11,47
Outros bens e servizos	9,89

1. A que bens e servizos destinan unha meirande parte dos seus ingresos as familias españolas? A cales lles dedican menos ingresos?

2. Indaga se coinciden estes datos, de xeito aproximado, cos gastos que se producen na túa familia.



As empresas son as unidades de produción máis importantes dunha economía.

3.4. O SECTOR PÚBLICO OU ESTATAL

Chamámolles **sector público** ao conxunto de actividades e iniciativas económicas e sociais que leva a cabo o Estado, que se poden realizar cos **impostos** que pagan os cidadáns e as empresas. Con estes cartos o Estado é capaz de:

- Manter a **administración pública** (gobierno central, gobiernos autonómicos, concellos, etc.).
- Promover a **actividade económica** e as **relacións sociais** entre as persoas, encargándose da construción de infraestruturas, equipamentos e obras públicas.
- Incentivar a **actividade do sector privado** mediante subvencións e outras axudas (vantaxes fiscais, créditos, etc.).
- Ofrecer **servizos públicos** como a ensinanza, a sanidade, os transportes, a policía... Ás veces o Estado crea empresas especializadas para prestar determinados servizos, como correos, transportes, obras públicas, xestión do ambiente, etc.
- Ofrecer outras **prestacións sociais**, como pensións de xubilación ou de enfermidade, de desemprego, etc., axudas en caso de necesidades especiais ou ante desastres naturais ou accidentes.

A SEGURIDADE SOCIAL

Os traballadores reciben un soldo polo traballo que realizan. Mais, ás veces, non poden traballar: cando están doentes, de baixa por maternidade, no paro, cando son maiores, etc.


Para axudar o traballador nestas situacións, establécense sistemas de protección social. Se é o Estado quen os garante, reciben o nome de **Seguridade Social**.

En España, a lei obriga a que todos os traballadores estean afiliados ao sistema de Seguridade Social. Empresario e traballador han de achegar unha cota á Seguridade Social para financiaren o seu funcionamento.

- Que é a Seguridade Social e como se financia?



OS IMPOSTOS



A administración pública xestiona o diñeiro dos contribuíntes e ofrece servizos públicos: educación, asistencia sanitaria, autoestradas, etc.

3. Que dous tipos de impostos están estipulados por Facenda? Que concepto determina o valor dos impostos directos?

4. Quen pagan os impostos? Cita algúns produtos que sexan obxecto de impostos especiais.

5. Como se distribúen os impostos? Enumera os diferentes fins aos que o Tesouro Público dedica a recadación de impostos.

SINTETIZA

6. Que son os axentes económicos? Indica cales son os principais.

7. Como se clasifican as empresas segundo as actividades que realizan? E segundo o seu tamaño?

8. Que son os impostos?

4 O mercado laboral

4.1. O MERCADO DE TRABAJO

Para desenvolveren a súa actividade, as empresas necesitan persoas preparadas que desempeñen unha función determinada.

Cando existe unha demanda de **traballadores por parte da empresa**, os profesionais ofrécense para traballar e optan a un posto de traballo que lles permita obter un salario. A demanda e mais a oferta de traballo constitúen o **mercado de traballo**.

4.2. A POBOACIÓN ACTIVA

A poboación activa fórmana todas as **persoas ocupadas** que se dedican á produción de bens e de servizos, e as persoas que están **no paro** ou procuran traballo por primeira vez.

Nos últimos anos, a poboación activa nos países desenvolvidos, como por exemplo España, experimentou un **notable crecemento** debido, en parte, á incorporación da muller ao traballo remunerado. No entanto, a crise mundial (2007-?) deixou sentir os seus efectos sobre a súa evolución, coa diminución do número de ocupados, e, como consecuencia disto, o aumento do paro.

Tamén se acurtou a vida activa. Como norma xeral, a idade de xubilación sitúase nos 65 anos, e a escolaridade é obrigatoria ata os 16 anos.

A actividade segundo o sexo

En case todos os países, tamén en España, a actividade económica das persoas varía, en parte, segundo o sexo. Polo xeral, os homes acadan os máximos niveis de emprego en todos os tramos de idades e ramas de actividade.

A proporción de poboación feminina activa é cada día máis elevada, pero hai menos mulleres que chegan a ocupar postos de xestión ou de responsabilidade. A desigualdade entre homes e mulleres tamén se nota nos salarios, xa que en moitos traballos os homes gañan máis.

Emprego por sectores de actividade económica

Entre as transformacións económicas e sociais máis importantes está o cambio no tipo de ocupación. Deste xeito, salienta a perda de importancia do traballo no sector primario (na década de 1960 era o sector que máis traballadores ocupaba) e o crecemento do sector dos servizos; as actividades industriais mantéñense nun segundo posto.

O problema do paro

A automatización da produción e a **deslocalización** levaron a moitas empresas a reduciren os seus cadros de persoal.

Estas razóns, entre outras, explican que moitas persoas quedan sen no paro. Ao non teren un traballo estable con salario fixo, apareceron novas formas de ocupación, como o traballo a tempo parcial, por obra, somerxido, etc.


VOCABULARIO

Deslocalización: Traslado dunha empresa cara a rexións ou países onde a man de obra é máis barata ou ten vantaxes fiscais, co fin de reducir os custos de produción.

Pacto: Acordo entre dúas partes para cumprir o estipulado.

Convenio: Acordo vinculante entre os traballadores e os empresarios dun sector ou empresas determinados, que regula as condicións laborais (salarios, xornadas, vacacións, condicións de traballo, etc.).

DIFERENZA ENTRE POBOACIÓN ACTIVA E OCUPADA EN ESPAÑA EN 2009



1. Cal foi a evolución do paro en España nos catro trimestres de 2009?



Aínda que algunhas mulleres ocupan postos importantes no mundo laboral, existen aínda grandes desigualdades en moitos sectores.

4.3. OS SINDICATOS E AS ORGANIZACIÓNS EMPRESARIAIS

En ocasións, as condicións nas que os traballadores e as traballadoras teñen que realizar a súa actividade non son as máis axeitadas (por horarios, salarios, seguridade e hixiene...).

Daquela poden realizar reclamacións á dirección da empresa, de xeito individual ou a través dos seus representantes: os delegados de persoal ou o comité de empresa.

A lexislación reconece o dereito dos traballadores a elixiren libremente estes representantes, que pasan a ser os interlocutores ante os empresarios para negociar e chegar a **pactos** e **convenios** tanto individuais coma colectivos.

Outro dereito dos traballadores é o de organizar e afiliarse a **sindicatos**, asociacións para a defensa colectiva dos seus dereitos. Os traballadores tamén teñen o dereito a recorrer á **folga** como maneira de demostrar o seu descontento e como unha forma de presión das súas **reivindicacións** ante os empresarios.

Tamén os empresarios teñen dereito a crear **organizacións empresariais** para defenderen os seus intereses.

CAMBIOS NO TRABAJO: AS TIC E O TELETRABAJO

As **Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC)**, isto é, a informática, a telemática, a telefonía, a Internet, etc., cambiaron o modo de traballar nas empresas e permitiron novas modalidades de emprego.

O **teletraballo** consiste en desenvolver a actividade profesional fóra do centro de traballo, normalmente desde a casa. A través do ordenador ou do teléfono, o empregado e máis a empresa poden estar sempre conectados.

Deste xeito, o profesional ten un horario máis flexible, pode compatibilizar o traballo con outras actividades, aforra tempo e reduce os custos de desprazamento.

Doutra banda, o teletraballo tamén ten vantaxes para as empresas posto que aforra equipamento de traballo. Ademais, ao realizar a actividade desde a casa, o traballador non ocupa un espazo dentro da empresa, coa redución de custos que isto implica.

- Que son as Tecnoloxías da Información e da Comunicación?
- En que consiste o teletraballo?

O teletraballo pode beneficiar a actividade laboral pola súa flexibilidade.



En ocasións, os traballadores convocan e acoden ás mobilizacións para defenderen os seus intereses colectivos fronte ás empresas.

SABÍAS QUE...

A **crise económica** e financeira mundial, iniciada en 2007 en Estados Unidos, creou unha situación de alarmante desemprego no mundo, cunhas taxas que nalgúns países se situaron entre o 6,7% e ata o 20%.

Zon@web

Para saberes máis sobre o mercado de traballo.

www.vicensvives.net/zonaweb

7d


SINTETIZA

2. Quen forman parte da poboación activa dun país? Que é a poboación ocupada?
3. Que asociacións defenden os dereitos dos traballadores?
4. Cales son as principais causas de que algunhas empresas reduzan o número de traballadores dos seus cadros de persoal?

Lembra o esencial

1. Completa o mapa conceptual

Copia e completa o mapa conceptual no teu caderno:



3. Define o vocabulario

- | | | | | |
|----------|-----------|-----------|------------|-------------|
| • oferta | • empresa | • demanda | • traballo | • sindicato |
| • prezo | • imposto | • capital | • TIC | • beneficio |

5. Busca as palabras

Copia no teu caderno estas frases coas palabras que faltan:

- As actividades tratan de producir os e prestar os para satisfacer as necesidades dos seres humanos.
- Tras a produción ten lugar a, isto é, a e dos bens e dos servizos.
- Os tres necesarios para producir bens ou servizos son os, o e o
- A economía de baséase no libre da e da
- A é un mercado no que se e se venden e as operacións que se realizan nela están informatizadas.
- Os axentes económicos son os que se encargan de, intercambiar e os produtos ou servizos e son: as, as e o
- Unha é unha unidade económica que mediante o e o fabrica e bens e
- O sector é o conxunto de actividades e iniciativas económicas e sociais que leva a cabo o cos que pagan os

2. Sintetiza

- Explica a diferenza entre bens de consumo e bens de produción.
- Que importancia ten o investimento de capital na produción?
- Que é a economía de mercado?
- Comenta o papel da publicidade na economía de mercado.
- Quen se consideran axentes económicos? Sinala as principais actividades económicas do Estado.
- Cal é a duración actual da vida activa en España?

4. Relaciona os conceptos

Explica a vinculación que existe entre:

- recursos naturais/bens de consumo
- actividade empresarial/capital
- demanda/prezo
- sector público/impostos
- mercado de traballo/poboación activa
- publicidade/medios de comunicación

6. Corrixe os erros

Escrebe no teu caderno estas frases de forma correcta:

- A comercialización inclúe as fases de produción, almacenamento e venda.
- A poboación activa dun país está constituída unicamente polas persoas ocupadas.
- O sector público é o conxunto de actividades e iniciativas económicas e sociais levadas a cabo polo mercado de traballo.
- Os vendedores pretenden obter o menor beneficio daqueles produtos que venden.
- O traballo por conta allea é aquel que se realiza só para un mesmo, sen depender doutros.


Practica competencias básicas

1. Traballa co mapa

Nos países desenvolvidos, os Estados conseguen os seus recursos coa recadación de varios tipos de impostos. Con estes recursos financian unha parte moi importante dos bens e servizos dos que gozamos.

- Observa o mapa sobre o peso do sector público respecto da produción total de bens e servizos (PIB) nos países da Unión Europea.
 - Que países se sitúan por enriba e por debaixo da media da Unión Europea?
 - Que opinas do posto que ocupa España en canto ao gasto público social?
- Coa axuda do libro e o uso da Rede fai unha listaxe dos tipos de bens e servizos públicos que che parezan máis importantes.


GASTO PÚBLICO SOCIAL NOS PAÍSES DA UNIÓN EUROPEA EN 2008



2. Analiza e relaciona o gráfico e o texto

- Observa o gráfico de barras e comenta a evolución da venda de vehículos desde 1997.
- Indica cantas unidades de turismos se venderon en xaneiro de 2008 e cantas en xaneiro de 2011.
- Segundo o texto e o gráfico, explica cales son os motivos do descenso na venda de turismos.
- Relaciona o descenso na venda de turismos co aumento do paro.
- Comenta as consecuencias que pode ter para a industria do automóbil o descenso na demanda de turismos.

VENDA DE TURISMOS



A venda de coches reflicte fielmente a atonía do consumo (...). Cómpre que lembrar que no primeiro semestre de 2010 había axudas directas de 2000 euros por vehículo. (...) A matriculación do mes de xaneiro de 2011 sitúase ao nivel do mesmo mes de 1995.

A taxa de paro elevada e a restrición do crédito minaron a confianza do consumidor, malia que o prezo medio dos coches é máis baixo que en xaneiro de hai dous anos (...).

Os fabricantes son conscientes de que mentres non claree o panorama económico é difícil tomar a decisión de comprar un coche (...). Pola súa banda, Juan Antonio Sánchez Torres, o presidente da patronal de vendedores Ganvam, engadiu que "é probable que se perdan este ano uns 5000 empregos e medio milleiro de pemes".

Fonte: *El País*, 2-2-2011 (Traducido do castelá).